



Ref.-AEG/axps
Casa Galicia Urug.

**ACORDO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA
CONSELLERÍA DE SANIDADE, E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PRIMERA DE SOCORROS MUTUOS
DE MONTEVIDEO, PARA O INTERCAMBIO E MELLORA DA FORMACIÓN TÉCNICA E CIENTÍFICA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, e a Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo (Uruguay), formalizaron con data 03/07/19 o instrumento arriba referido.

Que o instrumento ten por obxecto a posta en marcha dun programa de colaboración en materia de asistencia técnica e intercambio de coñecemento e formación de profesionais, así como de desenvolvemento de actividades noutras áreas e disciplinas relacionadas con aquela formación, tales coma o desenvolvemento de programas de mellora da calidade e estándares asistenciais, avaliación e xestión de recursos humanos asistenciais, entre outros sectores, mediante estancias temporais de persoal que preste servizos en centros asistenciais xestionados por calquera das institucións asinantes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectos referidos.

Que o instrumento subscrito fundaméntase no seguinte:

O artigo 82 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, prevé que o Goberno de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, realizará as actividades de colaboración sanitaria con outros países e institucións internacionais sanitarias co obxectivo de lograr un impacto na saúde da poboación, sen prexuízo do disposto no artigo 38.1 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade.

Do mesmo xeito, poderá formalizar acordos de colaboración sanitaria con autoridades sanitarias doutros países para os efectos de garantirlles a axeitada prestación sanitaria ás comunidades galegas asentadas no exterior. Estas liñas de colaboración poderán recollerse en acordos ou convenios que se tramitarán segundo a normativa vixente nesta materia.

Por outra banda, o artigo 86 da mesma Lei 8/2008, contempla as relacións de cooperación coas comunidades galegas no exterior, recoñecendo a posibilidade de asinar acordos de colaboración e cooperación coas comunidades galegas asentadas no exterior, no marco previsto polo estatuto de autonomía.

A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo é unha institución mutualista fundada o 25 de setembro de 1853, co obxecto de crear un fondo común destinado a socorrer aos asociados inscritos, en casos de enfermidade, outorgándolles asistencia médica completa. O número de socios supera os 174.000, dos cales 30.000 teñen a condición de galegos/as.

A asociación dispón dun centro hospitalario de 26.500 metros cadrados, con 452 camas, e catro sedes secundarias, cinco policlínicas e catro unidades de internación extramuros; nas que se presta asistencia sanitaria a unha importantísima porcentaxe de poboación, dentro da que está tamén a colonia galega residente nese país.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

(P.A. art. 6.1.c Decreto 41/2013)

O vicesecretario xeral

Ramón Martínez Blanco

